

SALVADOR RODRÍGUEZ

Hai 28 anos, presentábase nun recital na Universidade de Compostela o colectivo galego de cantores Voces Ceibes. Movemento comprometido política e culturalmente, a súa traxectoria ficou truncada en 1975 e, dende aquela, a canción de autor en galego está sumida nun baleiro preocupante.

Voces Ceibes, sin embargo, non se deu estinguído no recordo e, así, se para estes meses está prevista a edición dun dobre CD, "Noticia da Nova Canción Galega", coas súas primeiras gravacións orixinais por parte da discográfica viguesa Chorima, agora anúnciase que, cáeseque simultaneamente á saída do mencionado álbum, o Coro Universitario Galego de Barcelona dirixido por César del Caño (Castrelo do Miño, 1958) presentará no mercado outro traballo, un disco constituído na súa meirande parte por versións corais inéditas de cancións daquel histórico movemento musical.

"Porgalezca" é o título desta obra na que, ademais das pezas de Voces Ceibes, se inclúen, na súa segunda parte, cancións de **Lluís Llach** ("Vinhas verdes vora el mar"), **Mikel Laboa** ("Txoria txori") e **José Afonso** ("Canto moço"), asemade unha peza escénica para rapsodas, coro e intérprete, "Seoane e as anduriñas", con letra de **Camilo F. Valdehorras** e música de César del Caño sobre o universo creativo do artista **Luis Seoane**, nunha interpretación conxunta do CUGA e maila Aula Universitaria Galega de Teatro de Barcelona.

Este álbum será promocionado en varias cidades de Galicia con actos que contarán coa participación de antigos compoñentes de Voces Ceibes. En Vigo, o acto terá lugar o vindeiro martes, día 5 de novembro, na galería Sargadelos, e nel intervirán, ademais de César del Caño, o escritor Bernardino Graña, o actor Antón Casal e o ex membro de Voces Ceibes Bibiano Morón. Ó día seguinte, no Areneiro Ourensán, estarán o escritor Millán Picouto e Manuel Rego Nieto, director da coral Ruada.

O Coro

O Coro Universitario Galego de Barcelona, impulsor e protagonista deste proxecto musical feito realidade, xordeu a comezos de 1992, froito da amizade entre César del Caño (o seu director) e Camilo Fernández (profesor da Sección de Filoloxías Galega e Portuguesa).

A súa primeira aparición en público

MÚSICA ➔ O Coro Universitario Galego de Barcelona, dirixido por César del Caño, grava unha selección de pezas dos cantautores dos anos 60 e 70

Coro das voces ceibes



César del Caño./Foto: DE ARCOS

foi no Día das Letras Galegas de 1993. Daquela conqueiron o apoio das autoridades académicas da Universitat de Barcelona. O compromiso co idioma galego e a lingoaxe musical de Galicia inspiran o seu ideario artístico que se reflexa nunha labourea que abrangue a investigación sobre o folklore galego (rescatándoo do rebaixamento folclorista), a proxección do acervo culto dos compositores autóctonos pouco divulgados e o afondamento na procura do máximo rigor musicolóxico.

Aberto a toda a comunidade universitaria e ós galegos residentes en Barcelona, forman tamén parte del coristas alemán, italianos, suecos, irlandeses, franceses, xaponeses, norteamericanos, brasileiros e, por suposto, galegos, cataláns e mais doutras comunidades autónomas do Estado.

Este elenco, aínda escasa e inxuntamente semidescoñecido na propia Galicia, desenvolve a súa importantísima tarefa cultural baixo a dirección do ourensán César del Caño, músico residente en Cataluña dende hai máis de doce anos.

Del Caño, que encetou a su traxectoria vencellado a música coral, tamén ten feito incursións no jazz, colaborado con músicos de todo o mun-

SELECCIÓN

➔ As cancións galegas incluídas neste álbum que será presentado o vindeiro martes en Vigo son:

– "Samba prá mocidade". Letra: **Celso Emilio Ferreiro**. Melodía: **Bibiano Morón**.

– "O umbral". Letra: **Xoan Hernández Les**. Melodía: **Xerardo Moscoso**.

– "María Soliña". Letra: **Celso Emilio Ferreiro**. Melodía: **Xavier del Valle**.

– "O camaleón". Letra e melodía: **Vicente Aragaus**.

– "Quen tivera vinte anos". Letra e melodía: **Guillermo Rojo**.

– "Enterro do neno probe". Letra: **Luis Pimentel**. Melodía: **Benedicto**.

– "Ti Galiza". Letra: **Costa Clavell** e **Miro Casabella**. Melodía: **X. Mario Branco** e **L. Pedro Faro**.

do e gravado, como compositor e intérprete, os discos "Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro" (Sons Galiza, 1989), "O campo da fonte" (Edigal, 1991) e "Expreso Estrella" (Sons Galiza, 1994). Con "Porgalezca", César quer, ademais de homenaxear a toda unha xeneración de cantores, ofrecer unha proposta artística orixinal, atrevida e osada onde as haxas: ¿Quén lle ia a dicir aos de Voces Ceibes que aqueles manifestos clandestinos en formato de cantigas de protesta chegarían a ser interpretados por unha coral que mistura razas e culturas arredor de Galicia?

A obra sae en formato CD co título de "Porgalezca"